gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **Olalla Rodil Fernández** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o grupo parlamentar do BNG rexistrou unha iniciativa dobre na que se presentaban unha serie de preguntas sobre as condicións de traballo dos traballadores de *Surexport*, unha empresa de froitos vermellos que desenvolve a súa actividade na Terra Chá.

Daquela saíron novas na prensa que eran aterradoras en canto a condicións de habitabilidade das instalacións que lles facilitaba a empresa ás e aos traballadores, con incapacidade de manter os protocolos COVID, pero tamén dentro dos invernadoiros se producían moitas anomalías dende o punto de vista da sanidade vexetal e das condicións laborais.

O Sr Balseiros explicou daquela que non había a aquela altura ningunha medida que impoñer en canto a sanidade vexetal se refería e que si se puxera en coñecemento da Consellaría de Emprego presuntas situacións de conculcación de dereitos laborais polo que se fixeran inspeccións ao respecto, sen que teñamos novas de cando, cantas e que resultado deron.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 12:45:06
Nº Rexistro: 36156
Data envio: 17/06/2022 12:45:06.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vén este ano de novo tempada de cultivo dos froitos vermellos e parece acaído preguntar que comprobacións se fixeron para evitar que se repitan circunstancias similares ás do ano pasado.

Sigue existindo alarma social na zona de Begonte e Castro de Rei polas condicións nas que as persoas traballadoras viven ou polas condicións de traballo ás que se ven sometidas.

Por isto parece agora o momento de preguntarlle ao Goberno se tomaron algunha medida preventiva para protexer a saúde destas persoas traballadoras e que non se repetiran as mesmas circunstancias doutras tempadas. E preguntámonos se a Consellería de Emprego e Igualdade por medio do ISSGA vai actuar de oficio.

Comprenderán que neste caso hai varios actores implicados e non todos dependen das mesmas instancias pero é posible facer un traballo conxunto que axude a mellorar as condicións de traballo da xente, que neste caso xa son duras de por si.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai a Consellaría de Emprego e Igualdade facer inspeccións de oficio a través do órgano correspondente para ver de que se garantan as condicións laborais adecuadas para protexer a Saúde Laboral das persoas que traballan nas instalacións de *Surexport*?

. Teñen feito inspeccións noutras ocasións?

. Cónstalles que as persoas traballadoras dos invernadoiros contan con boa calidade do aire durante a súa quenda de traballo?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 12:45:06
Nº Rexistro: 36156
Data envio: 17/06/2022 12:45:06.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Consideran que as persoas traballadoras teñen suficientes puntos de auga para beber?

. Teñen os tempos de descanso adecuados para o esforzo físico que fan nesas condicións de calor e humidade?

. Poderán relacionar as potenciais malas condicións de habitabilidade do lugar que lles facilita empresa para vivir con posibles accidentes laborais?

. Se non fixeron inspeccións consideran oportuno facelas?

. Combinaron coa inspección de traballo para que inspeccione o que corresponda dentro das súas competencias?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2022 12:39:43

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 12:45:06
Nº Rexistro: 36156
Data envio: 17/06/2022 12:45:06.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 17/06/2022 12:39:47

María del Carmen Aira Díaz na data 17/06/2022 12:39:56

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 13:23:59
Nº Rexistro: 36168
Data envio: 17/06/2022 13:23:59.116

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Hai uns días comezou a chegar ás costas da zona de Camelle graxa procedente do que semella ser un vertido, en forma de bolas de ata varios quilos de peso. A presencia de graxa foise ampliando a outras zonas da costa de Camariñas, o que fai sospeitar que se poda ter producido un gran vertido que poda chegar á costa e afectar ao marisqueo e que, en todo caso, ten carácter contaminante e afecta ao medio mariño do que depende a pesca.

Non son infrecuentes episodios de contaminación procedente dos barcos que navegan polas rutas mariñas radicadas fronte ás costas de Galicia. Por exemplo, en marzo de 2020 un vertido afectou á Costa da Morte provocando a morte de centos de aves mariñas, entre eles araos, mascatos, frailecillos e alcas.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Leva a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para previr e minimizar os efectos da contaminación procedente dos barcos que navegan fronte ás costas galegas?

2ª) Sabe o Goberno de Galicia de onde procede a graxa que chegou á costa de Camariñas nos últimos días e se pode afectar ao marisqueo e á pesca?

3ª) Levou a cabo o Goberno de Galicia algún tipo de análise ou investigación respecto a ese vertido?

4ª) Vai o Goberno de Galicia levar a cabo algún tipo de actuación para previr e minimizar os efectos dese vertido?

5ª) Sabe o Goberno de Galicia cal foi a procedencia e que alcance tivo o vertido que en marzo de 2020 provocou a morte de centos de aves mariñas (entre eles araos, mascatos, frailecillos e alcas)?

6ª) Levou o Goberno de Galicia a cabo algún tipo de actuación para minimizar os efectos do episodio de contaminación de marzo de 2020?

Pazo do Parlamento, 16 de xuño de 2022

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 13:23:59
Nº Rexistro: 36168
Data envio: 17/06/2022 13:23:59.116

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/06/2022 17:42:28

Paloma Castro Rey na data 16/06/2022 17:42:45

Martín Seco García na data 16/06/2022 17:42:57

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 13:57:10
Nº Rexistro: 36176
Data envio: 17/06/2022 13:57:10.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de setembro de 2021 entrou en vigor a Lei 8/2021, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Esta reforma elimina a figura da tutela no Estado español e pasa ao sistema de apoios para que todas as persoas poidan exercer o seu dereito de capacidade de obrar e exercicio xurídico facilitándolle os apoios por parte do sistema que sexan necesarios, en función da súa discapacidade.

A lexislación obriga, pois, á revisión de todos os expedientes de incapacitación no prazo de 3 anos para adaptalas á nova normativa. Nas última semanas as entidades da discapacidade recibiron unha serie de oficios por parte dos Xulgados do Social nos que se nos insta a "remitir informes sobre eventuais alternativas de apoio e sobre as posibilidades de prestalo sen requirir a adopción de medida algunha polas autoridades xudiciais". Entre as entidades contactadas atópase FEGADACE quen se dirixiu á autoridade xudicial para lle sinalar que:

- Non ten capacidade para realizar o informe solicitado, por non estar dentro das súas funcións estatutarias.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 13:57:10
Nº Rexistro: 36176
Data envio: 17/06/2022 13:57:10.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non é unha “entidade do terceiro sector de acción social debidamente habilitada como colaboradora da Administración de Xustiza” (Vid. D.A. 1º da Lei 8/2021). Nos termos da normativa aplicábel, debe ser a Administración Pública quen realice o informe que se vén de solicitar.

- Non ten función asistencial directa con persoas usuarias; sendo que en calquera caso estes servizos son prestados, ás persoas asociadas, polas entidades federadas. E ademais, as persoas sobre as que se solicitan os informes non son atendidas nos servizos prestados polas entidades federadas, polo que se descoñece a súa situación.

- En atención ás funcións dos equipos de valoración e orientación da discapacidade dependentes da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, reguladas pola Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (modificada pola Orde de 3 de abril de 2017), correspóndelles levar a cabo a petición que neste caso se traslada a FEGADACE.

Segundo a documentación achegada polos Xulgados ás entidades, foi a propia Consellería de Política Social quen indicou ás entidades das diferentes discapacidades como colaboradoras para realizar estas funcións, obviando a competencia exclusiva da que está dotada a administración para a súa realización.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que a Xunta de Galiza dirixiu a autoridade xudicial ás entidades sociais para realizar os devanditos informes?

- Pensa asumir a Xunta de Galiza a súa responsabilidade nesta materia?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 13:57:10
Nº Rexistro: 36176
Data envio: 17/06/2022 13:57:10.391

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2022 13:53:31

Iria Carreira Pazos na data 17/06/2022 13:53:34

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2022 13:53:49

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36181
Data envio: 17/06/2022 14:08:14.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación das Unidades de coidados intermedios anunciadas pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2022 a Xunta de Galiza anunciaba a creación a comezos de 2023 das primeiras Unidades de coidados intermedios cuxo obxectivo sería dar resposta á atención que precisan determinadas persoas na fase de transición entre a alta hospitalaria e o regreso ao seu domicilio.

Neste senso, desde a Presidencia da Xunta anunciábase a primeira desas unidades no Concello de Mos, dentro dun proxecto socio-sanitario que se levará a cabo no antigo Hospital Psiquiátrico do Rebullón. Porén, nada máis se sabe.

Nun país como Galiza, cun importante grao de avellentamento da poboación, urxe dispoñer de servizos destas características que garantan a atención profesional que precisan persoas que sendo dadas de alta, en termos sanitarios, precisan de apoio e coidados antes de regresar aos seus domicilios.

Cómpre lembrar que cos últimos datos publicados polo IGE, en Galiza hai 239.636 fogares nos que vive só unha persoa e dos que 123.904 son persoas con máis de

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36181
Data envio: 17/06/2022 14:08:14.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

65 anos, principalmente mulleres. Alén diso, en moitos fogares nos que viven dúas persoas, ambas son coidadoras e receptoras de coidados.

Segundo puido saber o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta avanzou a algunhas entidades do sector da dependencia e discapacidade, que ademais da unidade do Rebullón prevían crear outra de maneira inmediata no CEGADI de Compostela.

Así as cousas, non existe ningunha planificación, cando menos que conste publicamente no Parlamento de Galiza, nin se avanzou na normativa que regule estes espazos, prazas das que estarán dotados, criterios de adminisión, etc.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando vai pór en marcha a Xunta de Galiza as anunciadas unidades de coidados intermedios?

- Cantas, en que lugares e con cantas prazas?

- Como se regularán e cales serán os criterios de admisión e/ou derivación ás mesmas?

- Conta a Xunta de Galiza cunha planificación estratéxica para a implantación deste recurso?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36181
Data envio: 17/06/2022 14:08:14.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2022 14:05:43

Iria Carreira Pazos na data 17/06/2022 14:05:46

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2022 14:05:55

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36187
Data envio: 17/06/2022 14:19:05.100

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A policía investiga como delito de odio a agresión producida contra un mozo vigués de 43 años homosexual na praia de Cabo Estai este mes de xuño. Segundo relata a vítima, foi insultado ao berro de maricón, gravado cun teléfono e agredido brutalmente ata ser atendido polo 112. Asesorado co colectivo Pvlse que ten un convenio coa Policía Nacional para a prevención das agresións a persoas homosexuais e transexuais presentou denuncia contra os agresores na comisaría de la Policía Nacional. O que nun comezo ía ser tramitado como delito de lesións está a ser tramitado como delito de odio.

Esta é por desgraza unha agresión máis das denunciadas estes meses, as agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado e tamén en Galicia. Os datos dos Observatorios Contra a Homofobia en Madrid, Cataluña ou no Observatorio da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalizan no ámbito público.

Por iso, nun país democrático, os discursos de odio, e en especial as agresións cara ao colectivo LGTBI non poden ter cabida, pero seguimos asistindo tamén na nosa comunidade a episodios de LGTBIfobia ante os que a Xunta de Galicia semella ficar impasible. Entre as medidas trasladadas temos solicitado en diversas iniciativas que dotasen de contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación aprobado no 2018 e que non tivo apenas actividade. Tamén temos solicitado que desenvolvan a LEI 2/2014, do14 de abril, aumentar a dotación orzamentaria na actualidade raquítica para soster aos colectivos que traballan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI, pero

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36187
Data envio: 17/06/2022 14:19:05.100

lamentablemente todas elas contan co muro do voto en contra do Grupo Popular. Cómpre pasar das boas palabras aos feitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa escrita:

1. Porque o Goberno galego no mes de xuño non ten convocado en todo o primeiro semestre deste ano o Observatorio cando a conselleira comprometeu xuntalo no primeiro trimestre de 2022?

2. Que valoración fai do goteo constante de casos e agresións de odio contra as persoas LGTBI na nosa comunidade?

3. Que ten feito estes meses para paliar o aumento destes delitos de odio na comunidade?

4. Porque seguen se dar cumprimento á Lei 2/2014, do14 de abril?

Pazo do Parlamento, 17 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36187
Data envio: 17/06/2022 14:19:05.100

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Noelia Otero Lago na data 17/06/2022 14:15:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/06/2022 14:15:45

Marina Ortega Otero na data 17/06/2022 14:15:52

Julio Torrado Quintela na data 17/06/2022 14:16:02

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 10:55:11
Nº Rexistro: 36194
Data envio: 20/06/2022 10:55:11.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pola Disposición transitoria cuarta do Estatuto creouse a Comisión Mixta paritaria Xunta-Estado para o traspaso das competencias. Ademais, a citada disposición prevé que as persoas integrantes da comisión mixta en representación de Galiza "darán conta periodicamente da súa xestión perante o Parlamento galego".

Logo das últimas competencias cuxo traspaso foi acordado no ano 2008, non se volveu transferir ningunha nova competencia. Levamos pois 14 anos de seca en materia de traspasos e ampliación do autogoberno.

Por outra parte, os acordos acadados no parlamento galego para o traspaso de competencias de titularidade estatal, como é o caso da AP9 ou tráfico, non se viron culminados polos atrancos que puxeron as forzas políticas estatais, que sempre mantiveron posturas ambiguas e cambiantes en función dos seu papel como goberno ou oposición.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 10:55:11
Nº Rexistro: 36194
Data envio: 20/06/2022 10:55:11.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os recentes acordos parlamentares, tanto no Parlamento galego como no Congreso, abren a porta á negociación entre o goberno central e a Xunta, no marco da Comisión Mixta de Transferencias, do traspaso de materias como a autoestrada AP 9, o dominio público marítimo terrestre, os centros de investigación oceanográfica ou a inspección de traballo, entre outras moitas.

Mais cómpre que o goberno galego mude a súa actitude dócil e submisa por unha postura proactiva e reivindicativa, de esixencia ao goberno central de competencias que reforcen e amplíen o autogoberno, situando a Galiza á par das comunidades con maior nivel competencial como o País Vasco e Cataluña.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto o goberno galego cumprir o mandato de dar conta no parlamento galego da súa xestión na Comisión Mixta de Transferencias?

Que xestións levou a cabo a Xunta diante do goberno central para a demanda de transferencias ao longo da presente lexislatura?

Cantos escritos enviou a Xunta ao goberno nos últimos 6 meses en relación coa demanda de transferencias, cal foi o seu contido e a resposta do goberno?

Cal é a axenda de transferencias que o goberno galego considera prioritarias?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 10:55:11
Nº Rexistro: 36194
Data envio: 20/06/2022 10:55:11.994

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai cumprir o goberno galego os acordos do Parlamento galego en materia de transferencias?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2022 10:41:34

Iria Carreira Pazos na data 20/06/2022 10:41:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/06/2022 10:41:50

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:00:25
Nº Rexistro: 36200
Data envio: 20/06/2022 11:00:25.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A atención bucodental resulta un elemento esencial e central da atención sanitaria e da calidade de vida das persoas en termos de saúde. A súa inclusión dentro da carteira de servizos do sistema público de saúde é una carreira de longa distancia que, durante anos, ven conquerindo algúns breves avances que tratan de progresar no obxectivo final de incorporar a atención bucodental como un servizo máis do sistema público de saúde.

A incorporación nos últimos anos dun certo volume de profesionais da saúde bucodental ten constatado algún avance, con respecto aos tipos de tarefas e asistencias que realizan. Aínda así, a limitada carteira de servizos e o volume de profesionais non permitía ata o de agora ampliar o tipo de asistencia prestada.

Durante este mes de xuño, a xuntanza do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (15 de xuño, Valencia) apoiou a proposta do Ministerio de Sanidade para incorporar máis servizos á poboación en atención bucodental. A implementación dunha nova oferta máis ampla está destinada a mellorar o conxunto da saúde bucodental, así como a facilitar esta a aqueles colectivos que, por diferentes razóns, precisan de maior atención dende o sistema público como poden ser os menores ou as embarazadas, e tamén colectivos de persoas con discapacidade, pacientes oncolóxicos da zona cérvicofacial ou persoas con dificultades de mobilidade dos membros superiores.

Para esta planificación, o Ministerio de Sanidade aportou unha gran partida orzamentaria de máis de 40 millóns de euros, dos que unha parte corresponden a Galicia para permitir a implantación deste servizos.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:00:25
Nº Rexistro: 36200
Data envio: 20/06/2022 11:00:25.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto o goberno de Galicia ter os recursos e a organización axeitada para que a cidadanía poida verse beneficiada das novas posibilidades de atención bucodental promovidas polo Ministerio de Sanidade?

2. Canto volume de dotación orzamentaria foi asignada directamente a Galicia a través deste plan de atención bucodental?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2022 10:58:00

Marina Ortega Otero na data 20/06/2022 10:58:08

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:48:02
Nº Rexistro: 36204
Data envio: 20/06/2022 11:48:02.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o novo decreto da Xunta de Galiza en materia dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza traballa nun novo decreto en materia de dependencia desde abril de 2022.

Durante o período de exposición pública as entidades sociais do ámbito da dependencia e a discapacidade formularon múltiples propostas de mellora ao anteproxecto do goberno encamiñadas a, entre outras cuestións:

- Axilizar a tramitación das solicitudes e reducir os tempos de valoración e resolución así como incorporar ás Equipas de Valoración e Orientación (EVOs) novos perfís profesionais que garantan unha mellor valoración do grao de dependencia e, especialmente, de discapacidade.

- Unificar a solicitude conxunta de dependencia e discapacidade a través dun procedemento único e ampliar os criterios de urxencia para incorporar novas doenzas.

Cómpre lembrar que en Galiza non se están a cumprir os prazos estabelecidos legalmente para a resolución das valoracións así como para o acceso real e efectivo aos servizos e recursos aos que teñen dereito as persoas con dependencia e/ou discapacidade o que supón unha vulneración dos seus dereitos.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:48:02
Nº Rexistro: 36204
Data envio: 20/06/2022 11:48:02.902

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Incluíu a Xunta de Galiza as achegas formuladas polas entidades sociais no novo decreto en materia de dependencia?

- Cales e con que medidas concretas?

- E de maneira específica no ámbito da discapacidade?

- Que dotación orzamentaria acompañará a implementación do novo decreto?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2022 11:45:42

Iria Carreira Pazos na data 20/06/2022 11:45:54

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2022 11:46:04

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:56:33
Nº Rexistro: 36211
Data envio: 20/06/2022 11:56:33.486

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e **Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En decembro de 2016 o PP abandonou a asemblea de constitución da Área Metropolitana de Vigo, porque non ostentaban a maioría, rebentando o acto de constitución da Área Metropolitana. Nese acto, procédese de forma legal a constitución da Área Metropolitana e a elección do seu presidente na persoa do alcalde de Vigo.

A Xunta de Galicia paralizou esta constitución e elección do presidente da Área Metropolitana cun recurso contencioso administrativo, na súa estratexia de confrontación coa cidade de Vigo.

Segundo recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo: *"A convocatoria e celebración da sesión constitutiva da AMV, a constitución da súa Asemblea e a elección do seu presidente insírense no ámbito da organización das entidades locais, procedendo no noso caso declarar que os actos realizados para lograr ese obxectivo eran válidos".*

O xulgado ratificou que a Área Metropolitana de Vigo constituíuse legalmente, e que a elección do presidente axustouse a dereito, pero que a lei impoñía unha condición de imposible cumprimento ao condicionar a constitución da Área á adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, que non existía. De acordo coa literalidade da sentenza sinala: *"é fundamental subliñar que o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, non existe, nin como disposición administrativa, nin como acto administrativo xeral".*

É hora de atender a unha realidade social, política e económica que hoxe funciona, inclusive sen ter o instrumento político e ao financiamento económico que correspondería á Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:56:33
Nº Rexistro: 36211
Data envio: 20/06/2022 11:56:33.486

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A solución está en mans do goberno de Alfonso Rueda coa súa maioría parlamentaria, derrogando o artigo que establece a integración de Vigo, como obrigatoria, nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe.

É unha decisión política que favorecerá aos 500.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo. Non atendela é atacar ao desenvolvemento económico da cuarta parte de Galicia. O novo goberno de Galicia de Alfonso Rueda pode rectificar este erro histórico.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Xunta de Galicia a derrogar o artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe, como recolle a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo n°1 de Vigo?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/06/2022 11:52:22

Noelia Otero Lago na data 20/06/2022 11:52:30

Paloma Castro Rey na data 20/06/2022 11:52:37

Pablo Arangüena Fernández na data 20/06/2022 11:52:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2022 11:52:58

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 11:56:33
Nº Rexistro: 36211
Data envio: 20/06/2022 11:56:33.486

Patricia Otero Rodríguez na data 20/06/2022 11:53:13

Eduardo Ojea Arias na data 20/06/2022 11:53:24

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 12:26:58
Nº Rexistro: 36219
Data envio: 20/06/2022 12:26:58.919

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A estrada EP-8001 Caldas – Carracedo – Catoira ten 9,9 quilómetros de lonxitude, actúa como conexión entre o sur da AP-9 e a autovía do Barbanza AG-11 sendo nexo de unión de dúas provincias, e conta cunha IMD que chega ós 8.300 vehículos/día nalgún dos seus tramos, polo que ten unha función claramente estruturante do territorio a nivel autonómico.

O viaduto de Catoira ten 723 m de lonxitude e se sitúa no final da estrada EP-8001 Caldas – Carracedo – Catoira, sendo unha estrutura interprovincial na que non só a construción senón tamén o mantemento é compartido coa Deputación de A Coruña.

A Deputación de Pontevedra desenvolveu numerosas actuacións sobre este viario nos últimos anos, con investimentos de en torno aos 60.000 euros dende 2017.

Despois de anos de busca de solución para a definición sobre o traspaso de competencias acerca da xestión deste viario, O 18 de xaneiro de 2022, á petición da Deputación de Pontevedra constituíuse a Comisión de transferencias entre a Deputación e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Celebrouse nesa data a primeira e única xuntanza deste órgano bilateral e acordouse que:

- A Deputación de Pontevedra remitiría os informes da Inspección especial realizada no ano 2019 na ponte de Catoira e o estudo sobre o “agarre” do firme da estrada.
- Que a Xunta enviaría unha proposta para un cambio de titularidade de estradas incluíndo a totalidade da estrada provincial EP-8001 (Carracedo-Caldas-Catoira) coa ponte incluída.

Seguindo este acordo, a Deputación de Pontevedra achegou os informes técnicos requiridos, e que foron enviados coa maior brevidade (ao día seguinte). A pesares disto, a Deputación de Pontevedra interesouse en numerosas ocasións polos avances no acordo e nas tarefas asignadas, e remitiu requirimentos de

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 12:26:58
Nº Rexistro: 36219
Data envio: 20/06/2022 12:26:58.919

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

información e progresos ao Goberno autonómico e solicitando a proposta para o cambio de titularidade de estradas, non recibindo información ningunha sobre a situación nin tampouco ningunha proposta como o goberno autonómico se comprometera.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o goberno de Galicia incumpriu o acordo adoptado na Comisión de transferencias entre a Deputación de Pontevedra e a AXI e non remitiu a proposta de cambio de titularidade de estradas que se comprometeu?

2. Pretende o goberno de Galicia evitar a transferencia da titularidade da estrada EP-8001 (Carracedo-Caldas-Catoira) coa ponte incluída?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2022 12:24:38

Patricia Otero Rodríguez na data 20/06/2022 12:24:45

Eduardo Ojea Arias na data 20/06/2022 12:24:56

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 13:36:16
Nº Rexistro: 36227
Data envio: 20/06/2022 13:36:16.215

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao recoñecemento e preservación das razas autóctonas.

Este grupo parlamentar ten presentado iniciativas a respecto da conservación das razas autóctonas de animais domésticos, nas iniciativas pasadas falamos de cans, con pouca fortuna, por certo. Agora temos que insistir no mesmo tema considerando estas e outras especies animais como o burro fariñerio ou a pita piñeira.

Podiamos preguntar por que hai que conservar as razas autóctonas e por que hai que evitar a súa extinción. Quizá porque é unha cuestión de mantemento da biodiversidade, ou ben porque os recursos zooxenéticos constitúen un patrimonio mundial inestimable valor, pode ser tamén porque as razas son un constructo cultural das diversas zonas, xa que os seus habitantes cruzaron durante centos de anos distintos animais dunha mesma especie para conseguir unha serie de características morfolóxicas, adaptativas e produtivas que favorecen que un número indeterminado de individuos que comparten esas características se distingan de outros da mesma especie. Son, polo tanto, tamén un patrimonio cultural que contribuíu á preservación da especie humana.

Temos no noso país a oportunidade de ser pioneiros en canto á declaración dos cans de pastoreo e caza como animais de gandería podendo así posibilitar a desmascotización á que os vai someter a nova lei estatal de protección animal e que a maiores permitiría que o Centro de recursos zooxenéticos de Galiza de Fontefiz poida facerse cargo de ter unha reserva xenética que evite a extinción total de varias delas.

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 13:36:16
Nº Rexistro: 36227
Data envio: 20/06/2022 13:36:16.215

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No noso país hai outras especies animais que nos acompañaron vital e culturalmente como animais produtivos como é o caso do burro fariñeiro, que temos completamente desatendido, mentres no estado español hai polo menos 6 razas recoñecidas como autóctonas das distintas CCAA sen que o burro fariñeiro figure entre elas e sería ben importante para explorar para esta raza outras funcións sociais e ecolóxicas acordes a esta época.

Tamén a pita piñeira forma parte do noso acervo zooxenético sen que fora recoñecida no seu momento, simplemente pola falta de apoio da Xunta de Galiza diante do Ministerio, chegando a fundamentar o seu rexeitamento en que a pita de Mos é a mesma raza que a Piñeira, cuestión esta en extremo desafortunada. Esta raza sofre o paradoxo de ser recoñecida como raza para concurso e así se pasea por toda Europa, mentres a falta de recoñecemento estatal favorece que se fomenten as características morfolóxicas de beleza en detrimento das outras capacidades como a produtiva para ovos ou carne.

É incomprensible a desidia política e administrativas dos diversos gobernos da Xunta para fomentar o recoñecemento das nosas razas autóctonas e polo tanto poder contribuír á súa preservación. Así vemos que das 4 razas autóctonas de cans 3 están en perigo grave de extinción e a 4ª en perigo de extinción.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno da Xunta darlle un impulso ao recoñecemento das razas mencionadas por parte do Ministerio de Agricultura e á preservación das outras?

Contempla a consellería a declaración das nosas razas autóctonas de cans de pastoreo e caza como razas de gandería?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 13:36:16
Nº Rexistro: 36227
Data envio: 20/06/2022 13:36:16.215

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Están dispostos a facer o traballo pertinente para que o burro fariñeiro poida ser recoñecido como raza autóctona polo MAPA?

Van tomar algunha medida para evitar que se extingan as razas autóctonas de cans de caza que agora mesmo se atopan en situación de risco extremo?

Valoran conveniar con carácter urxente coa USC co fin de evitar a extinción das razas en perigo extremo?

Como valoran vostedes a inclusión da pita piñeira como raza autóctona?

Recoñécena como raza distinta á da galiña de Mos ou consideran que estivo atinado o Ministerio ao rexeitala?

Van atender as peticións das asociacións correspondentes?

Serán proactivos a respecto de fomentar que se activen ou constitúan novas asociación para a protección daquelas razas que se encontran en perigo extremo?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/06/2022 13:33:56

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 13:36:16
Nº Rexistro: 36227
Data envio: 20/06/2022 13:36:16.215

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 20/06/2022 13:34:04

María del Carmen Aira Díaz na data 20/06/2022 13:34:13

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36232
Data envio: 20/06/2022 15:15:04.585

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Manuel Lourenzo Sobral e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do transporte escolar na comarca de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de transporte escolar está a sufrir numerosas eivas desde que mudou a empresa concesionaria do servizo, a comezos do presente ano. Son múltiples as queixas de diferentes centros educativos, tanto de educación primaria como secundaria, que se teñen producido nestes meses, en concreto na contorna de Compostela.

A ANPA do IES de Sar, no concello de Santiago de Compostela, ten denunciado a tardanza na chegada do transporte, sobre todo ao remate das aulas, que nalgún caso incluso non se chegou a producir, sendo o persoal do centro educativo o encargado de contactar co servizo de taxis para poder achegaren o estudantado aos seus domicilios. Ademais, son frecuentes as queixas referidas ao descoñecemento das rutas por parte do persoal condutor dos autobuses, sendo as estudantes as que en moitos casos lle indican o itinerario e as paradas. Estas queixas tamén foron elevadas por parte da equipa directiva do centro á Consellería de Educación, sen obter unha mellora substancial no servizo.

Sucede unha problemática semellante cos centros de Primaria, como é o caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa da Sionlla, onde a ANPA tamén denuncia atrasos á hora de recoller as crianzas, na última delas recollida na prensa salientan que o alumnado non

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36232
Data envio: 20/06/2022 15:15:04.585

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fora recollido cando xa tiña pasado a hora de comezo das aulas. Atrasos que son frecuentes e que se agravan no caso deste centro por ter xornada partida, con clases pola mañá e pola tarde.

Estas cuestións atinxen tamén a outros concellos da contorna, como é o caso de Teo. A ANPA do IES de Cacheiras leva meses denunciando tamén atrasos na recollida das estudantes á saída do centro, que se ben a magnitude dos atrasos se ten reducido, aínda persisten chegando a superar os 20 ou 30 minutos de demora. Ademais, sinala que hai liñas de transporte que comparten un mesmo autobús no que, se non ten unha elevada capacidade, non collen todas as alumnas que corresponden. Ante isto a empresa concesionaria do servizo de transporte ten chegado a enviar un vehículo de VTC ou un taxi para poder achegar a esas estudantes aos seus domicilios. A ANPA do CEIP de Calo tamén manifesta cuestións semellantes de demoras e atrasos na recollida das crianzas.

Estas cuestións, ademais de supor un grave desleixo dun servizo público concesionado, tamén implican importantes molestias para o alumnado dos centros públicos e para as súas nais e pais, ao teren que estar pendentes de se o servizo funciona axeitadamente ou non. A maiores, estes centros teñen unha alta porcentaxe do seu alumnado que vive no rural da comarca de Compostela, polo que o transporte escolar é o único medio, ademais dos coches particulares, co que contan en moitos casos para achegárense aos centros. O mal funcionamento do servizo de transporte escolar pode condicionar en moitos casos a matrícula neses centros derivando alumnado a outros puntos nos que as familias teñan maior posibilidade de conciliación..

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36232
Data envio: 20/06/2022 15:15:04.585

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o transporte escolar na contorna de Compostela?

- Que opinión lle merecen os continuos atrasos nas rutas de transporte escolar?

- Como valora o executivo galego a denuncia de que se acumulen rutas en un único vehículo onde non cabe todo o alumnado pertencente a estras rutas?

- Cales son as medidas que se teñen posto en marcha ante o mal funcionamento do servizo?

- Considera que o mal funcionamento deste servizo pode poñer en risco a matrícula nos centros rurais?

- Ten prevista algunha medida para o novo curso para evitar que se repita esta situación?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Manuel Lourenzo Sobral

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36232
Data envio: 20/06/2022 15:15:04.585

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 20/06/2022 15:10:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/06/2022 15:10:56

Iria Carreira Pazos na data 20/06/2022 15:11:06

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36238
Data envio: 20/06/2022 15:35:39.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta escrita**, relativa aos selos de calidade agroalimentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incerteza que nos invade polos tempos convulsos que atravesamos, obrigan aos xestores públicos a artellar solucións á crise económica e sanitaria da que o noso sector produtivo primario lonxe de escapar, cada día sofre máis, debido ao modelo produtivo que se incentivou dende Europa e co apoio dos diferentes gobernos do PP e do PSOE e que agudizou a súa dependencia dos insumos foráneos.

O estancamento e incluso caída do prezo de venta da produción primaria en orixe fronte ao incremento constante dos custes de produción arrastra ao noso rural a unha encrucillada de difícil saída e para a que se precisa de valentía política e altura de miras.

Os prezos de venta en orixe das distintas orientacións produtivas cárnicas, levan 30 anos estancados e cando se modifican á alza para as consumidoras non repercute na produción, aínda que semelle que agora se albisque algún leve movemento para poñer en valor os produtos como o leite ou a carne.

A isto hai que engadir a multitude de selos identificativos e diferenciadores dos produtos agroalimentarios, que non teñen seccións propias nas cadeas de comercialización, e cando os teñen as persoas consumidoras son

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36238
Data envio: 20/06/2022 15:35:39.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descoñecedoras da información relativa ao alcance, en canto á calidade, que teñen nin a propia relación calidade/prezo que poden supoñer no momento de mercar e levar para o carro da compra.

En Galiza, na actualidade contamos con 36 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, coa súa propia lexislación que regula o conxunto de características específicas debido á orixe das materias primas empregadas e os procedementos de elaboración. Estes procedementos están regulados pola normativa da Unión Europea (UE), que garante o cumprimento duns requisitos de calidade adicionais aos esixidos para o resto de produtos convencionais e que lles outorgan a condición de produtos de calidade diferenciada.

Ademais cabe mencionar a normativa que regula a produción agraria ecolóxica ou biolóxica, que constitúe un método diferenciado de produción de alimentos, e que se regula asegurando a transparencia en tódalas fases, dende a produción, pasando pola elaboración e rematando pola comercialización, sendo o CRAEGA (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia), o órgano encargado do control e certificación; se cadra descoidando outras facetas, que ningún outro organismo ou entidade dependente da Consellería de Medio Rural foi capaz de asumir, como o asesoramento técnico aos produtores/as asociados/as, e a propia promoción de certos produtos, como a carne de vacún, que non está ser receptora de campañas de consumo axeitadas para que repercuta no prezo en orixe.

En certos produtos como o leite, ademais atopamos outros selos como o distintivo de calidade e de orixe Galega 100%, impulsado pola Xunta de Galicia no ano 2011, e que garante que o leite procede unicamente de granxas galegas incluídas no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada. A día de hoxe son máis de 4.500 as ganderías galegas que cumpren estes requisitos.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36238
Data envio: 20/06/2022 15:35:39.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mesmo eido, a Consellería do Medio Rural segue adiante coa súa intención de que o leite que producen as ganderías galegas que sacan as súas vacas a pacer conte co selo "Leite de Pastoreo de Galicia", acumulando outro retraso máis, cando xa fora anunciado para o segundo semestre do 2021, sen ter aínda moi claros os requisitos que se van a marcar en consonancia coa propia normativa da PAC para o novo período 2023-2027.

Noutras orientacións produtivas como na produción de carne, atopámonos nunha carreira por introducir selos no mercado co fin de identificar as especiais condicións vencelladas coa normativa en benestar animal. Este afán por non quedar atrás en medidas que maximicen o benestar animal, demandado na sociedade actual, provocou a proliferación de numerosos selos avaliados por auditorías e certificadoras co único obxectivo final de estampalo no envase para darlle un valor engadido ao mesmo, xustificando as especiais accións a pé de granxa, durante o transporte ou no sacrificio que van máis aló da normativa vixente na Unión Europea en benestar animal.

Esta carreira diferenciadora non fai máis que agravar o estado de confusión do consumidor medio do nos país no momento de exercer a soberanía alimentaria e decantarse por un produto ou outro. Un sen número de denominacións e etiquetaxe confusas que non entenden as persoas consumidoras e polo tanto non poden darlles valor como por exemplo, bio, orgánico, eco, da casa, de proximidade, de cercanía, ou "Slow Food", ou Km. 0 (sen regulación que identifique a designación de produto de proximidade), con pegada de carbono ou emisións reducidas, carbono cero, etc...

Entendemos que calquera nova marca, selo ou identificativo ten que ser acompañado dunha campaña de comunicación e información axeitada, tanto a nivel nutricional, como de a propia trazabilidade do produto. Algún deles parece estar

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36238
Data envio: 20/06/2022 15:35:39.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deseñado somentes para a exportación ao resto do estado, como é Ternera Gallega, marca inaudita en idioma español, denominada así de xeito innecesario xa que una cartel de Tenreira Galega posto enriba dun despece de carne de becerro sería entendido perfectamente en calquera punto do estado.

A Xunta presentou a comezos de ano, na Feira Internacional de Turismo Fitur, celebrada en Madrid, a nova campaña "Galicia Etiqueta Calidade", promovida pola Consellería do Medio Rural para divulgar o bo facer da xente do mar e do agro e promocionar así as 36 certificacións agroalimentarias de calidade que hai en Galiza, que contará cunha sección chamada "Galicia Calidade Alimentaria". Este novo distintivo, agrupará os produtos con denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do agro e do mar, marcas de garantía como Galega 100%, as producións derivadas das razas autóctonas e o selo pescadeRías, o que ben a duplicar entendemos baixo o noso criterio unha información que xa existía previamente e non aporta nada novo, máis que aumentar a confusión no consumidor, como xa comentamos previamente.

Neste afán etiquetador por parte da administración, tamén se está a desenvolver o selo diferenciador para a "Reserva da Biosfera", os propios selos da Artesanía Alimentaria de Galicia, e a última xenialidade proposta pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural para diferenciar os produtos procedentes das aldeas modelo coa creación doutro novo selo.

Os selos de calidade se non serven para darlle valor ós produtos non serven, é imprescindible poñer orde neste desconcerto.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36238
Data envio: 20/06/2022 15:35:39.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa o Goberno Galego facer un uso racional dos selos de calidade de modo que a súa creación e difusión sirvan para a valorización dos produtos que representan e así favorezan ós e ás produtores?

Consideran vostedes facer unha campaña promocional implicando ás superficies de vendas que poña en valor os produtos producidos baixo un selo de calidade galego?

Teñen avaliado ou vano facer se os selos provocan un incremento no prezo de venda aos produtores ou teñen un traballo pendente de facer neste sentido?

Pensaron algún estímulo para que a compra destes produtos por parte das comercializadoras teña unha mellora na oferta que garanta un mellor prezo de venda?

Consideran vostedes que ter cada vez máis selos de calidade sen que haxa unha planificación previa resulta todo o positivo que debería para os produtores?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36238
Data envio: 20/06/2022 15:35:39.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 20/06/2022 15:32:23

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/06/2022 15:32:27

María del Carmen Aira Díaz na data 20/06/2022 15:32:40

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36244
Data envio: 20/06/2022 15:52:15.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no ano 2000 a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), con un período de vixencia até o ano 2006, coa posibilidade de ampliación deste prazo. No período 2000-2010 leváronse a cabo estudos de diagnose e actualización da Estratexia, como por exemplo o Proxecto Fénix (2010), mais cando menos nos últimos 12 anos non hai constancia da publicación de documentos oficiais de seguimento da aplicación da EGEA.

Como resultado das medidas previstas na Estratexia, no ano 2001 creouse o *Observatorio Galego de Educación Ambiental*. Polo decreto 193/2012 regúlase este Observatorio, que ten como funcións principal "o seguimento e avaliación da situación da educación ambiental".

Ademais ten asignadas as seguintes funcións específicas:

1. Asesorar os organismos das administracións públicas no deseño e avaliación dos programas e iniciativas de educación ambiental.

2. Analizar as necesidades educativas e formativas en materia ambiental da poboación galega no seu conxunto, así como dos seus sectores específicos.

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36244
Data envio: 20/06/2022 15:52:15.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Realizar un seguimento da aplicación da Estratexia Galega de Educación Ambiental, propoñendo e suxerindo directrices e liñas de actuación.

4. Propoñer a elaboración de instrumentos e procedementos de avaliación, especificamente dirixidos ao ámbito da educación ambiental.

5. Colleitar experiencias, recursos e programas que se consideran de referencia, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma como do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas, facilitando a súa divulgación, promoción, adaptación e aplicación á realidade galega.

6. Promover foros de discusión e debate que, en diferentes formatos (seminarios, grupos de traballo, comisións ad hoc, talleres, ou semellantes) permitan o encontro e a reflexión dos diferentes axentes sociais involucrados na educación ambiental.

Logo de 22 anos da aprobación da Estratexia de Educación Ambiental, cómpre unha profunda revisión crítica do proceso seguido, e unha avaliación sobre a oportunidade e necesidade de aprobar unha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental. Se ben hai xa 10 anos anunciouse unha nova Estratexia, a realidade é que non existe un documento operativo e actualizado, acorde cos tempos actuais e os reptos de futuro.

Logo da aprobación da lei 5/2019 de patrimonio natural e da biodiversidade, resulta inaprazábel a elaboración dunha Estratexia galega de educación ambiental aliñada cos obxectivos e principios desa norma.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36244
Data envio: 20/06/2022 15:52:15.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta elaborar un informe de seguimento e avaliación da educación ambiental en Galiza e presentalo no Parlamento?

. Vai o goberno galego informar ao parlamento sobre o funcionamento e cumprimento das funcións do Observatorio Galego de Educación Ambiental?

. Ten previsto a Xunta iniciar un proceso participativo para a aprobación en 2023 dunha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/06/2022 15:48:35

Paulo Ríos Santomé na data 20/06/2022 15:48:39

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2022 15:48:51

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36248
Data envio: 20/06/2022 16:25:31.868

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, **Carmen Aira Díaz** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os sucesos acontecidos na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na semana do 13 de xullo de 2022 a Casa Grande de Viloira, que acolle a sede de distintas oficinas e servizos dependentes tanto da Xunta de Galiza como do Goberno central, vivíu unha situación inédita coa intervención da Oficina Agraria Comarcal ante posíbeis irregularidades.

Un par de días despois deste feito atopámonos coa información en medios de que a Consellería do Medio Rural acordou suspender provisionalmente a dous funcionarios interinos desta oficina. Unha decisión, segundo as informacións en prensa, tomada a raíz dunha denuncia recibida na Xunta de Galiza na que se aludía a "presuntas incidencias detectadas na tramitación de varios expedientes administrativos", uns trámites nos que terían participado os citados funcionarios.

Desde a Consellaría do Medio Rural explicouse aos medios que, tomando en consideración os feitos descritos na denuncia e, en todo momento, respectando a presunción de inocencia dos afectados, tomou a decisión de actuar de xeito inmediato para esclarecer os feitos e tamén adoptar as actuacións oportunas pero sempre conforme a "normativa vixente".

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36248
Data envio: 20/06/2022 16:25:31.868

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo publicou o xornal "O Sil" no xoves 16 de xuño Medio Rural estaría investigando "presuntas incidencias" e tería trasladado toda a documentación recollida na OAC á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta para detectar irregularidades.

Este feito sen precedentes ten causado estupor na comarca e tamén unha certa inquedanza ante a situación na que se atopan os expedientes e trámites que estaban a ser xestionados desde esa oficina polo que desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é importante que a Xunta de Galiza clarifique a situación ante os usuarios e usuarias do servizo e ante o conxunto da opinión pública. Ao tempo, ten de tomar medidas áxiles para que, no entanto esas dúas persoas se atopan suspendidas a Oficina Comarcal do Barco e independentemente do que poida acontecer despois, durante este tempo de suspensión estea garantido o servizo e o correcto funcionamento da OAC coa incorporación de máis persoal.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como explican o acontecido na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras?

- Que indicios detectaron para tomar a decisión de suspender temporalmente a dúas persoas que traballan nesa OAC?

- En que punto se atopan as investigacións ?

- Existe unha única denuncia ou estamos a falar de denuncias reiteradas?

- De que tipo?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36248
Data envio: 20/06/2022 16:25:31.868

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como van garantir o funcionamento desa Oficina Agraria Comarcal no curto prazo cando a día de hoxe só ficou aí unha persoa para atender ao importante número de usuarios e usuarias que fan uso dese servizo na comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/06/2022 16:24:37

María del Carmen Aira Díaz na data 20/06/2022 16:24:42

María González Albert na data 20/06/2022 16:24:54

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:42:52
Nº Rexistro: 36255
Data envio: 20/06/2022 16:42:52.456

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A ría de Pontevedra é unha das tres principais entradas ao mar das rías baixas, baña unha das zonas máis turísticas da nosa comunidade e é a 3ª máis grande de toda Galicia con 145 quilómetros cadrados de superficie, pero ademais é un elemento fundamental para a nosa biodiversidade e para os municipios da contorna, xa que moitas das súas xentes viven da materia prima que contén.

A pesar disto e da súa obriga como administración competente, a conservación desta ría non se atopou nesta década de goberno do PP entre as prioridades da Xunta de Galicia, o que fai que os índices de contaminación que presenta a mesma aumenten ano tras ano.

Entre os principais problemas que podemos atoparnos e que requiren unha actuación urxente están:

1. Desmantelamento da empresa ELNOSA, aprobado polo Goberno da Xunta a mediados de 2020, que foi a encargada de fixar os criterios e condicións do desmantelamento dende o punto de vista da análise de risco de contaminación. A pesar disto hai un ano coñecíamos, por un informe de Ence, que coincidindo coa demolición dos edificios nos que desenvolvía a súa produción, o material tóxico volvía a aflorar, incrementándose notablemente o nivel de mercurio na ría e no subsolo e aparecendo nunha concentración superior ao nivel xeral de referencia.

   Neste momento descoñecemos se o goberno da Xunta tomou algún tipo de medida para reverter esta situación e se estes índices diminuíron ou seguiron incrementándose.

2. Depuradora de Lourizán, tras anos aparecendo nos orzamentos da Xunta de Galicia unha partida destinada a súa ampliación e modernización sen que

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:42:52
Nº Rexistro: 36255
Data envio: 20/06/2022 16:42:52.456

fora executada a mesma, o pasado mes de febreiro adxudicouse a empresa Acciona este proxecto.

O outras obras de saneamento en puntos como o río Lameira de Marín, o porto de Campelo en Poio (adxudicado en maio) e o bombeo de Cocheras en Pontevedra, proxectos que segundo manifestou a Xunta hai un ano estaban en fase de redacción coa previsión de telos listos no primeiro trimestre do 2022 para poder licitalos e executalos dentro do período operativo dos fondos europeos Feder, que finaliza en 2023, estando unicamente adxudicado neste momento o de Campelo.

3. Dragado do río Lérez, o Goberno da Xunta segue sen ter desenvolver o proxecto de dragado do río Lérez, a pesar deste prexuízo para a cidade de Pontevedra, e de ser prometido en numerosas ocasións dende hai 12 anos.

A consecuencia disto os fondos mariños do noso río seguen a acumular sedimentos ata o punto de poder case cruzalo a pé, cando está a marea baixa.

Portos de Galicia na última comparecencia parlamentaria hai xa un ano, xustificaba este retraso na complexidade dos trámites administrativos e na decisión do MITECO de prohibir a acumulación de sedimentos na illa de Sálvora, o que obrigaba a atopar outro punto para desfacerse dos lodos extraídos.

A maiores incidiu en que este estudo de alternativas se está acometendo por unha comisión técnica coas autoridades portuarias de Vigo, Vilagarcía e Marín, que tamén se ven afectados pola anulación do depósito de máis áridos ao oeste de Sálvora. Manifestou que dita comisión técnica xa se reunira en cinco ocasións e que participaron tamén técnicos do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) e de Portos do Estado.

Dende esa intervención non volvemos ter noticia dun tema tan importante para Pontevedra, nin sequera aparece xa orzamentado nos orzamentos da Xunta do ano 2022. Dende o grupo parlamentario socialista entendemos que é prioritario e urxente este proxecto xa que este abandono da nosa ría, está a afectar gravemente ao sector do mar ó impedir a rexeneración e a recuperación dos bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente ao sector do marisqueo a flote que viu moi minguada, nos últimos anos, a súa actividade e ingresos. Así como tamén a navegación deportiva e a actividade do Náutico debido a

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:42:52
Nº Rexistro: 36255
Data envio: 20/06/2022 16:42:52.456

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

colmatación na desembocadura e na canle de navegación do río e do porto deportivo.

O organismo Augas de Galicia como entidade pública responsable en materia de augas no ámbito das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia ten que preservar o bo estado dos ecosistemas acuáticos e ecosistemas terrestres asociados e en Pontevedra levamos máis dunha década esperando que cumpra coas súas obrigas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica este Goberno a década de atrasos dos compromisos de rexeneración e conservación da ría de Pontevedra e a súa contorna?
2. Cando ten previsto a Comisión técnica creada por Portos de Galicia para analizar o proxecto do dragado do río Lérez rematar ese informe sobre un novo proxecto compatible cos criterios medioambientais existentes?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/06/2022 14:09:36

Pablo Arangüena Fernández na data 20/06/2022 14:09:45

Patricia Otero Rodríguez na data 20/06/2022 14:09:56

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2022 16:42:52
Nº Rexistro: 36255
Data envio: 20/06/2022 16:42:52.456

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Eduardo Ojea Arias na data 20/06/2022 14:10:05

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 10:51:28
Nº Rexistro: 36283
Data envio: 21/06/2022 10:51:28.097

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O alugueiro constitúe actualmente a principal vía de acceso á vivenda por parte dos fogares novos e a opción que maioritariamente elixen mozas e mozos á hora de se independizar. Para favorecer o acceso ao alugueiro deste colectivo e facilitar a emancipación o Goberno do Estado aprobou o bono alugueiro novo, unha medida que se complementa coas recollidas no Plan Estatal de Acceso á Vivenda 2022-2025.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana transferirá 400 millóns de euros ás comunidades autónomas e cidades autónomas en concepto de axuda deste bono alugueiro novo, que se reparten en 200 millóns de euros este ano 2022 e outros 200 millóns para 2023. Destes, Galicia recibirá un total de 22,8 millóns.

Pero cinco meses despois de que o Goberno dese luz verde ao bono alugueiro novo, esta axuda de 250 euros mensuais para inquilinos/as menores de 35 anos non pode aínda solicitarse nin semella que a Consellería de Vivenda teña prioridade algunha en axilizala a pesar de que os datos de emancipación xuvenil son certamente preocupantes cunha das peores taxas a nivel estatal na franxa 30-34 anos.

A pesar de todo, atopámonos cuns orzamentos en materia de vivenda á baixa nestes anos, sen ir máis lonxe, os orzamentos destinados a vivenda este 2022 supoñen un recorte de máis do 40 % respecto dos orzamentos do ano 2009. A esta falta de previsión orzamentaria súmase a inaceptable e reiterada falla de execución coa que se pecha cada exercicio en materia de vivenda.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto abrir a convocatoria de axudas do bono alugueiro novo?

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 10:51:28
Nº Rexistro: 36283
Data envio: 21/06/2022 10:51:28.097

2. Vai complementar con fondos propios o alcance das axudas ao alugueiro previstas neste bono?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Eduardo Ojea Arias
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 21/06/2022 10:49:08

Eduardo Ojea Arias na data 21/06/2022 10:49:16

Patricia Otero Rodríguez na data 21/06/2022 10:49:24

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 12:37:11
Nº Rexistro: 36287
Data envio: 21/06/2022 12:37:11.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á dotación ao centro de saúde de Lalín de atención pediátrica en horario de tarde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que a Xunta de Galiza leva trece anos aplicando en materia de sanidade provocaron un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada. Neste contexto o Partido Popular escudouse na pandemia ocasionada pola Covid 19 para deteriorar aínda máis a sanidade pública, para seguir afastando a asistencia da poboación, recortar servizos, poñendo dificultades para acceder á asistencia sanitaria.

A pandemia xa non vale para tapar a falta de compromiso coa sanidade pública do PP, non vale para tapar a falta de planificación e anticipación, sabían de sobra cantas xubilacións se ían producir, que @s profesionais teñen dereito a baixas, vacacións e días libres. A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixeron a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 12:37:11
Nº Rexistro: 36287
Data envio: 21/06/2022 12:37:11.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto o Centro de Saúde de Lalín vén sendo noticia desde hai anos, entre moitas outras carencias, pola inexistencia do servizo de Pediatría polas tardes. A realidade é que na actualidade conta con tres pediatras en xornada de mañá, das cales unha delas desprázase dous días á semana a Rodeiro un par de horas o que implica que o servizo quede aínda máis minguado.

A carga de traballo que teñen é altísima debido ao elevado número de doentes que atenden diariamente e a complexidade de ditas consultas tanto no relativo ao tempo de atención necesario como a todo o abano médico de atención que require xa que estas profesionais realizan diagnósticos e tratamentos das patoloxías propias destas idades, ademais coordinan actividades de promoción e prevención que permiten realizar unha asistencia médica integral, e se é necesario brindan atención continúa cando se atopa algunha anormalidade no desenrolo. Non podemos esquecer tampouco que as actividades de promoción e prevención inclúen: vacinación, atención á familia e controis de crecemento e desenrolo.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos, toda vez que na actualidade son 80 @s pediatras en Galiza que superan os 65 anos.

Desde o BNG é algo que vimos demandando desde hai anos, e que como é evidente a Xunta de Galiza nega sistematicamente, unha solicitude dunha atención que se fai moi necesaria para moitísimas nais e pais que ven como polo tarde e noite só lles queda a posibilidade de acudir ao CHUS ou ir á privada, quen teña a capacidade económica de facelo.

As crianzas teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría. Si existe a especialidade é porque nenas e nenos teñen especificidades

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 12:37:11
Nº Rexistro: 36287
Data envio: 21/06/2022 12:37:11.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propias, non son adultos en pequeno. Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai dotar de atención pediátrica en horario de tarde ao centro de saúde de Lalín?

. Considera a Xunta de Galiza que as crianzas do concello de Lalín teñen unha atención sanitaria de calidade sen atención polas tardes?

. Considera que @s nen@s deste concello están recibindo unha atención axustada ás súas necesidades?

. Até onde está disposta a chegar a Xunta na política de recortes de persoal e servizos na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 12:37:11
Nº Rexistro: 36287
Data envio: 21/06/2022 12:37:11.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2022 12:34:20

Iria Carreira Pazos na data 21/06/2022 12:34:23

María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2022 12:34:33

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 13:34:46
Nº Rexistro: 36293
Data envio: 21/06/2022 13:34:46.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o financiamento por parte da Xunta de Galiza das escolas infantís para garantir a gratuidade das familias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou que a partir do 1 de setembro de 2022 todas as escolas infantís serán gratuítas a partir da primeira crianza estendendo así a medida que estaba xa en vigor para as segundas fillas e fillos.

Esta gratuidade abrangue as escolas infantís públicas (tanto autonómicas como municipais) mais tamén privadas e de iniciativa social.

No Consello da Xunta do 16 de xuño de 2022 o presidente do Goberno galego avanzou a convocatoria dunha orde dotada de 41 millóns de euros dirixida a financiar a devandita gratuidade nas escolas privadas e de iniciativa social. Segundo a referencia publicada na web, a Xunta anticipará aos centros o 100% do crédito para o período de setembro a decembro e o 90% de xaneiro a agosto, co fin de facilitar a planificación do curso" e "aumentará nun 10% a contía que reciben as escolas para que poidan facer fronte ao incremento dos gastos".

Doutra banda, no referido ao financiamento das escolas infantís municipais, o Goberno galego aínda non formalizou (no momento de rexistrarmos esta iniciativa)

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 13:34:46
Nº Rexistro: 36293
Data envio: 21/06/2022 13:34:46.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como levará a cabo a asunción do custe das matrículas malia que os concellos, a través da Fegamp, solicitou hai meses ter unha xuntanza.

Política Social apenas remitiu unha circular con aclaracións sobre a aplicación da gratuidade nos concellos na que especifica que a Xunta "aboará a parte correspondente á contía equivalente dos prezos autonómicos" sendo a entidade local a que deberá asumir "a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Xunta". O custe, polo tanto, que financiará a Xunta será o equivalente ao réxime de prezos públicos que, de acordo cos niveis de renda, asumen as familias (Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro).

Para moitos concellos, especialmente os máis pequenos, este sistema de financiamento pode supor un importante custe económico que deberán asumir cun orzamento público moi limitado.

Neste senso, e tendo en conta que a educación infantil é unha competencia propia da Xunta de Galiza, cabe preguntarse se non é o momento de que o Goberno galego asuma as competencias das escolas infantís municipais toda vez que vai pagar a matrícula das crianzas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- De que maneira vai financiar a Xunta de Galiza a matrícula gratuíta das escolas infantís municipais?

- Cre que o mecanismo polo que opta a Xunta de Galiza supón ou pode supor un prexuízo económico para os concellos?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 13:34:46
Nº Rexistro: 36293
Data envio: 21/06/2022 13:34:46.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai asumir o Goberno galego a xestión das escolas infantís municipais toda vez que financia a matrícula gratuíta das crianzas?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2022 13:30:14

Iria Carreira Pazos na data 21/06/2022 13:30:18

Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2022 13:30:32

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 17:03:16
Nº Rexistro: 36300
Data envio: 21/06/2022 17:03:16.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o servizo de practicaxe na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A practicaxe é un servizo público prestado por particulares no marco dunha estrita normativa e de medidas de obrigado cumprimento.

As condicións nas que se desempeña o servizo recóllense no "prego de condicións" que cada Autoridade Portuaria impón para o seu porto, pero tamén rexen outras normas que veñen impostas polo Reglamento Xeral de Practicaxe, por Capitanía Marítima e polo Ministerio de Mobilidade, transportes e Axenda Urbana, que son de obrigado cumprimento.

Os portos galegos divídense entre os que son de interese xeral e os que son autonómicos. Mentres os de interese xeral como Vigo, A Coruña ou Ferrol-San Cibrao réxense por normas estatais que dita a Autoridade Portuaria de cada porto, os portos autonómicos teñen como autoridade portuaria á Xunta de Galiza a través de Portos de Galiza. Por outra banda, os portos autonómicos son os de Ribadeo, Cariño Viveiro e Burela e Corcubión, Cee, Corme, Laxe e Sada.

A día de hoxe, Portos de Galiza conta con tres prácticos nos portos autonómicos, que se reparten por grupos, e que atendendo ás características dos portos que atenden,

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 17:03:16
Nº Rexistro: 36300
Data envio: 21/06/2022 17:03:16.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

réxense polos seus respectivos pregos de condicións. Pregos que, en principio, teñen unha validez de cinco anos, prorrogábeis por cinco máis.

No caso do práctico dos portos de Corcubión, Cee, Corme, Laxe e Sada, con causa na súa pronta xubilación, solicitou de Portos de Galiza que se iniciase o procedemento regrado para a súa substitución, que autorizou xa as prácticas da que vai ser a substituta do actual.

O 8 de marzo de 2022 publicouse no DOG o Prego de Prescripcións Particulares do Servizo de Practicaxe nos portos de Laxe, Cee e Corcubión, no que se suprime unilateralemente a practicaxe no porto de Sada. Un prego no que non se contemplan zonas de fondeo nos portos de Cee, Laxe e Corcubión, cando o fondeo neste último xoga un papel importantísimo na seguridade da zona durante os temporais de inverno. Ou que recolle que o servizo de practicaxe nestes portos está marcado polas mareas, co que as a realización de manobras se limitaría a catro horas ao día, cando nestes catro portos a dispoñibilidade para realizar as manobras é de 24 horas ao día polas súas características.

Pero é que, a maiores de todas estas eivas de difícil explicación, no Prego de Prescripcións Particulares do Servizo de Practicaxe destes portos establécese unha rebaixa moi considerábel das condicións económicas do práctico que puidera asumir este servizo. Portos de Galiza publicou ese prego de xeito unilateral, sen manter contacto algún co actual Práctico, excluíndo o Porto de Sada, obviando aspectos de gran relevancia dende o punto de vista da seguridade marítima, como son as zonas de fondeo ou anoando o servizo de practicaxe ás mareas, cando isto, polas súas propias características, non procede nestes catro portos.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 17:03:16
Nº Rexistro: 36300
Data envio: 21/06/2022 17:03:16.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero alén desas eivas na redacción do prego, as modificacións introducidas nas cantidades a percibir polo práctico, isto é, nas condicións económicas, poden propiciar a supresión, de facto, do servizo de practicaxe na Costa da Morte, xa que coas condicións alí recollidas é practicamente imposíbel que alguén se faga cargo e ademais, sería imposíbel de cumprir a practicaxe 24 horas/365 días a media xornada.

Diante disto, a Xunta de Galiza, e nomeadamente, Portos de Galiza, deben adoptar medidas inmediatas e urxentes para garantir un servizo que é vital para preservar a seguridade marítima da zona. En caso contrario, a partir do mes de agosto, data na que se xubila o actual Practico, toda a Costa da Morte se vai ver privada deste servizo, o que suporá o peche destes portos á actividade marítima e ao mesmo tempo, terá consecuencias directas e negativas en toda a comarca, ao comprometer a viabilidade das fábricas da mercantil Xeal en Cee e Dumbría.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera o Goberno galego que o Prego de Prescripcións do Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e Sada, publicado no Diario Oficial de Galiza en data 8 de marzo de 2022 garante a continuidade do servizo?

. Considera a Xunta de Galiza que o Prego de Prescripcións do Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e Sada, publicado no Diario Oficial de Galiza en data 8 de marzo de 2022 contén unhas condicións económicas que permitan que un novo Práctico asuma o servizo?

. Por que no Prego publicado se excluíu o Porto de Sada?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 17:03:16
Nº Rexistro: 36300
Data envio: 21/06/2022 17:03:16.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o Goberno galego que o Servizo de Practicaxe nos portos recollidos no Prego de Prescripcións do Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e en Sada, publicado no Diario Oficial de Galiza en data 8 de marzo de 2022 está marcado polas mareas?

. Mantivo contacto Portos de Galiza co Práctico que desempeña o servizo na actualidade para elaborar o Prego publicado? E despois da publicación? Con que obxecto?

. Considera Portos de Galiza que o desfrute de vacacións, tal e como veñen redactadas no Prego publicado, é posíbel?

. Considera o Goberno galego que o Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e Sada é importante para preservar a seguridade marítima da zona?

. Como pensa o Goberno galego garantir un servizo que é vital para preservar a seguridade marítima da zona en caso que o servizo quede deserto?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2022 17:03:16
Nº Rexistro: 36300
Data envio: 21/06/2022 17:03:16.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/06/2022 16:59:10

Daniel Pérez López na data 21/06/2022 16:59:13

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 36306
Data envio: 22/06/2022 09:13:34.604

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre o retraso na cobertura dunha praza de xestión procesual no xulgado mixto núm.1 de O Porriño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio a Letrada da Administración de Xustiza de O Porriño denunciou a importante demora na cobertura dunha praza de xestión procesual no xulgado de primeira instancia e instrución núm. 1 de O Porriño, atraso na cobertura de postos de traballo algo que lonxe de ser excepcional e común e ordinario no funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Canto tempo estivo ou vai estar sen cubrir a praza de xestión procesual do xulgado de primeira instancia e instrución núm.1 de O Porriño?

. Cal é a razón pola que se prolongou a falla de cobertura da praza indicada?

. Cal é o número de prazas vacantes da administración de xustiza en Galiza, tanto por ausencia de titular, como estar de baixa, permiso, vacacións ou calquera outra circunstancia análoga?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 36306
Data envio: 22/06/2022 09:13:34.604

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Estar a cubrir as baixas por enfermidade do persoal ao servizo da administración de xustiza e, no seu caso, en que prazo?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/06/2022 09:12:55

Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2022 09:13:08

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 09:30:46
Nº Rexistro: 36310
Data envio: 22/06/2022 09:30:46.381

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Rosana Pérez Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a transferencia por parte de Portos de Galiza da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A relación natural entre os portos e os espazos urbanos ten en Galiza unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debera ter sido resolta, pois realízase actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galiza) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que Portos fixa e cobra taxas, e os concellos teñen a responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Ao que hai que engadir as abusivas tarifas que Portos está a cobrar pola realización de actividades no espazo baixo a súa administración.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 09:30:46
Nº Rexistro: 36310
Data envio: 22/06/2022 09:30:46.381

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha desas situacións é a que se dá no concello de Vilagarcía. En Vilaxoán, onde, terreos que eran praia e peiraos, espazos que daban sentido a unha vila mariñeira, noutrora referencia na pesca da sardiña, industria da salga, logo da conserva e lonxa de interese, hoxe non é así. En concreto o espazo que ocupa o Parque de Dona Concha, e os viais que o rodean, a explanada do Preguntorio, o Castelete, o parque do Preguntoiro, ou o Triángulo de O Freixo, igual que acontece coa Alameda de Carril

Estes espazos deben ser desafectados dunha vez por todas e pasar a competencia do concello, e polo tanto deixar de estar en Dominio Público Marítimo Portuario. Non teñen uso portuario e pola contra están totalmente inseridos na trama urbana e neles realízanse unha parte moi importante da actividade colectiva da veciñanza. A desafectación suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Vilaxoán e Carril.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai a Xunta iniciar o procedemento entre o concello de Vilagarcía e Portos de Galiza para a transferencia da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril que non teñan uso portuario e están inseridos na trama urbana cun papel fundamental na actividade da veciñanza: Parque de Dona Concha, e os viais que o rodean, a explanada do Preguntorio, o Castelete, o parque do Preguntoiro, o Triángulo de O Freixo, e a Alameda de Carril?

. De ser así cal é o cronograma que manexa?

. Cal é a razón de non ter realizado a desafectación até o de agora?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 09:30:46
Nº Rexistro: 36310
Data envio: 22/06/2022 09:30:46.381

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/06/2022 09:28:52

María Montserrat Prado Cores na data 22/06/2022 09:28:55

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 10:34:58
Nº Rexistro: 36315
Data envio: 22/06/2022 10:34:58.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 25 de marzo deste ano ve a luz un protocolo, propiciado pola Consellería de M. Rural e con UUAA coma mestres de cerimonias, que semella ser o resultado dun proceso negociador secreto entre representantes da Distribución, Industria da carne, a IXP Ternera Gallega e a xa citada organización agraria.

A sorpresa de parte de produtores, resto de organizacións agrarias e demais elementos do sector cárnico vacún foi maiúscula sobre todo pola présa amosada tanto pola Consellería coma por UUAA en asinar o protocolo por parte dos axentes excluídos da secreta negociación.

Este ano de 2022 todo parece posible, mesmo a articulación de políticas de intermediación negadas perante doce anos de abulia de parte do PP no goberno. Este protocolo tiña xa un precedente, outro semellante co prezo do leite. E vaia, o que non fora posible por non se poder nin condicionar nin intervir no mercado agora parece que si...

Este protocolo da carne, de contido máis ca discutible, acompañado dunha boa dose de propaganda, viña acompañado dun estudo feito pola incansable Juana de Vega

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 10:34:58
Nº Rexistro: 36315
Data envio: 22/06/2022 10:34:58.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no que se estimaba que na actualidade os custos de produción de Ternera Gallega rondaban os 6.20 euros/kgr/canal. Nada que ver cos 4.50 ou 4.70 que se estaban pagando ao produtor logo da rebaixa durante o confinamento.

Feitas as fotos correspondentes, apretóns de mans, páxinas na prensa amiga e demais paripés... a volta á realidade dá fe da veracidade daqueles puntos do protocolo que eran soamente un acto de boas intencións, iso si, temporal, de parte da Industria e da Distribución.

A realidade son a aparición, estes últimos días, de contratos con prezos de 4.70 e 4.30 euros /kgr/canal. Si, 4.30, e coma xa viramos e denunciaramos no sector do leite, neste caso tamén con cláusula no contrato na que se especifica que tales prezos cobren custos de produción.

O 26 de abril deste ano de sorpresas, o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicaba o decreto polo que se establecía a nova estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural para crear o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais. Neste Decreto modifícase un outro Decreto, o 149/2018 engadíndoselle, por medio da modificación Dúas, unha alínea i) ao artigo 17.1, que queda redactada do seguinte xeito:

«i) *A análise e o estudo da situación da cadea agroalimentaria en Galicia e dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos e dos custos de produción en cada un dos elos da cadea e, con base nisto, a realización das actuacións de inspección e control necesarias para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación*».

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 10:34:58
Nº Rexistro: 36315
Data envio: 22/06/2022 10:34:58.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-É coñecedora a Consellería e por ende o hai pouco creado Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais, destes contratos abusivos aos que se fai referencia no argumentario desta iniciativa?

-Que actuacións se levaron a cabo?

-Que número de expedientes?

-Houbo sancións ?

-Cantas e de que importes?

-De que xeito se compensou ós produtores afectados polos abusos?

-Que medidas ten pensado tomar para facer cumprir a lei da Cadea Alimentaria neste tema da carne e cal é o grao de cumprimento do protocolo asinado o 25 de marzo?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 10:34:58
Nº Rexistro: 36315
Data envio: 22/06/2022 10:34:58.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 22/06/2022 10:31:20

María González Albert na data 22/06/2022 10:32:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/06/2022 10:32:21

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:06:10
Nº Rexistro: 36322
Data envio: 22/06/2022 11:06:10.959

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e **Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende UGT Galicia veñen de denunciar que o novo calendario escolar instaurado pola Consellería de Educación que decidiu trasladar as probas de recuperación do mes de setembro a xuño está a confirmarse como un "desastre" tanto para docentes como o que resulta máis grave, para o alumnado. A pesar de que o sindicato xa trasladou a Consellería no seu día que esta non era unha decisión axeitada nin beneficiosa para ninguén, agora tense confirmado toda unha problemática fronte aos supostos beneficios argumentados desde Educación.

Por unha banda, o sindicato lamenta as dificultades que se están detectando para que as e os afectados poidan recuperar as materias suspensas nun curto espazo de tempo, en tan só dúas semanas; unhas dificultades que teñen especial incidencia ademais no alumnado con necesidades específicas.

Por outra banda, o sindicato lembra que xa no momento de coñecer a decisión desde UGT Ensino expresaron as dúbidas arredor tamén de como esta decisión ía afectar ao alumnado que a día 6 de xuño tiña todo aprobado. Neste senso, consideran que eses hipotéticos exercicios de ampliación e contido na práctica, e como adiantaban, quedaron "nun conto" e dan lugar a un fin de curso "caótico". Outra das eivas detectadas estes días e advertidas con anterioridade tamén polo sindicato ten que ver coas dificultades para que o persoal docente xa de por si "desbordado" puidese compaxinar e prestar unha atención con garantías e de calidade ao alumnado con recuperacións pendentes e ao mesmo tempo ao que xa tiña o curso superado. Neste aspecto, as elevadas faltas de asistencia dese alumnado neste treito final son o mellor exemplo de que esas reticencias contempladas na Mesa Sectorial arredor desta decisión sobre o cambio de calendario deseñado por Educación tiñan a súa razón de ser.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:06:10
Nº Rexistro: 36322
Data envio: 22/06/2022 11:06:10.959

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai dos resultados tras ter modificado o calendario escolar e adiantado de setembro a xuño as probas de recuperación?

2. Vai manter este calendario no futuro?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 22/06/2022 10:22:37

Noa Susana Díaz Varela na data 22/06/2022 10:22:46

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:36:05
Nº Rexistro: 36325
Data envio: 22/06/2022 11:36:05.518

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

No mes de marzo de 2021 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba unha batería de iniciativas sobre o proxecto do parque acuático de Monterrei, sinalábamos que no ano 2016, o entón candidato do PP á Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, na presentación do seu programa en Ourense, apostaba pola creación do referido parque acuático como unha das actuacións a levar a cabo na próxima lexislatura na provincia dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa saúde a través do deporte.

Anunciaba o presidente da Xunta de Galicia, como compromisos asumibles con Ourense para o mandato 2016-2020 a construción dun gran hotel balneario na cidade e por outra banda converter o complexo de Monterrei, que se encontra no concello limítrofe de Pereiro de Aguiar, nun gran parque acuático e que estas dúas iniciativas se converterían nos dous grandes polos de atracción para a cidadanía e para o turismo.

Pero unha vez revalidada a Presidencia da Xunta de Galicia, aquela promesa electoral non acabou de arrancar e foi a entón secretaria xeral para o Deporte, Marta Miguez, a que anunciaba en agosto do 2018 que as instalacións serían remodeladas tras un estudo de viabilidade por parte dunha consultora especializada no deseño de parques acuáticos.

Daquela o Goberno galego aseguraba que barallaba “un investimento próximo aos 6 millóns de euros e unhas dimensións ao redor dos 35.000 metros cadrados”.

Case cinco anos despois do primeiro anuncio, concretamente o 22 de marzo de 2021, o presidente da Xunta de Galicia Núñez Feijóo xunto co presidente da Deputación Provincial de Ourense Manuel Baltar, participaban na inauguración da mellora das instalacións deportivas de Monterrei, no Concello de Pereiro de Aguiar e recoñecía que a Xunta de Galicia non contará ata maio co proxecto

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:36:05
Nº Rexistro: 36325
Data envio: 22/06/2022 11:36:05.518

construtivo das instalacións acuáticas prometidas, que se irán executando en fases sucesivas non concretadas. O inaugurado supón pouco máis da décima parte do gasto total duns 10 millóns de euros que Xunta de Galicia e Deputación de Ourense levan anunciando anos que investirán no Complexo de Monterrei.

Así mesmo, en 2018 en diversas iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista na Deputación Provincial de Ourense, cofinanciador ao 50 % do investimento coa Xunta de Galicia, cuestionaban a localización do parque acuático dentro do recinto deportivo de Monterrei, ao supoñer a demolición do recinto das piscinas e deportivas existentes, e a súa substitución polas novas, polas limitacións de superficie do recinto actual, ademais de denunciar a problemática no tráfico da zona que supoñería, ao non deseñarse unha ampliación para aparcamentos, ni novos accesos, e vaticinaban que os importes das entradas existentes nas piscinas de Monterrei de 2 €, aumentarían ata 12 € no futuro parque acuático, o que implicaría que os usuarios habituais do contorno, especialmente familiar, non poderían acudir de forma frecuente ás mesmas polo elevados prezos.

O Grupo Parlamentario Socialista propuxo ampliar os terreos do parque de Monterrei, co fin de situar o parque acuático nos mesmos, e evitar a desaparición das actuais piscinas, dispoñendo ademais de terreos suficientes para construír un gran aparcamento.

Desta maneira, a construción da nova zona deportiva, agora rematada, implica a demolición das anteriores, e mesmo a redución do número de pistas, por exemplo de tenis, deberá ir seguida da reforma da parte acuática do complexo, que segundo a promesa electoral deberá converterse nun parque acuático.

Así mesmo a propia Xunta de Galicia limitouse a salientar que o obxectivo é que as obras das piscinas infantil e familiar estean finalizadas en 2022, engadindo que posteriormente ata o ano 2024, desenvolveranse outras tres fases máis para levar a cabo distintas infraestruturas relacionadas co lecer.

E este grupo parlamentario preguntou en abril de 2021 ao Goberno galego en Comisión sobre o retraso na construción do parque acuático e pola previsión temporal e orzamentaria para a construción do mesmo.

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:36:05
Nº Rexistro: 36325
Data envio: 22/06/2022 11:36:05.518

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Mais de un ano despois coñeciamos a través dos medios de comunicación que a Xunta rescinde o contrato das obras no parque acuático de Monterrei pola súa parálise e confirma que as piscinas de Monterrei no abrirán no período estival do 2022, quedando os veciños e veciñas de Ourense sen as piscinas de maior afluencia da provincia, preto de 80.000 persoas usuarias.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o motivo para construír o parque acuático sobre as instalacións (piscinas e deportivas) xa existentes no recinto de Monterrei?

2. Porque non se ampliou a superficie do parque deportivo de Monterrei, co fin de construír o parque acuático sen limitacións de espazos, mesmo para construír un gran aparcamento, nin implicar a demolición das instalacións xa existentes (piscinas e pistas deportivas)?

3. En relación co futuro incremento de persoas usuarias e visitantes ao parque acuático, así como o aumento do tráfico na zona, estudouse a construción de novos accesos, melloras de viarios e construción de aparcamentos por parte da Xunta de Galicia?

4. Que medidas inmediatas vai tomar o Goberno galego ante o peche das piscinas de Monterrei esta verán, que afectarán a unhas 80.000 persoas usuarias, ao non existir outras piscinas alternativas públicas da Xunta de Galicia na provincia?

5. En que momento foi coñecedora a Xunta de Galicia da paralización, pola empresa adxudicataria, da construción do parque acuático de Monterrei?

6. Que actuacións realizou o Goberno galego dende que tivo coñecemento da paralización da obra?

7. A que se debeu o retraso na adxudicación da obra anunciada?

8. Que medidas vai adoptar en relación coa execución da obra adxudicada e en que prazos?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:36:05
Nº Rexistro: 36325
Data envio: 22/06/2022 11:36:05.518

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

9. Que prezos das entradas se estudaron para implantar unha vez se abra o parque acuático? Tívose en conta reducións de prezos ou bonos especiais para as persoas usuarias empadroadas nos municipios próximos?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/06/2022 12:34:37

Marina Ortega Otero na data 21/06/2022 12:34:48

Paloma Castro Rey na data 21/06/2022 12:34:59

Pablo Arangüena Fernández na data 21/06/2022 12:35:09

Julio Torrado Quintela na data 21/06/2022 12:35:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/06/2022 12:35:31

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 36331
Data envio: 22/06/2022 11:45:40.273

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Segundo se expón no informe da Valedora do Pobo entregado no Parlamento de Galicia en data 20 de xuño de 2022, incluíanse un total de 40 asuntos relacionados coa área de igualdade de xénero, dos cales 35 foron admitidos polas consellerías afectadas. Non obstante, e a tenor do exposto no referido informe, a Consellería de Medio Rural non aceptou a revisión dunha convocatoria de axudas para unha moza agricultora que estaba embarazada desoíndo así a petición da Valedora de revisar as axudas agrarias.

O caso referido trata dunha agricultora que solicitou unha axuda para a creación de empresas para persoas agricultoras mozas co fin de incorporar a este colectivo ao ámbito agrario, en virtude dunhas axudas de apoio ás inversións nas explotacións agrícolas, cofinancidas co Fondo Europeo Agrícola de Desenrolo Rural (Feader). Dita solicitude foi aprobada concedéndolle 50.000 euros para a execución do seu plan empresarial.

Paralelamente, esta persoa solicitou unha axuda para o apoio ás inversións nas explotacións. No momento no que solicitou o segundo pago, o servizo territorial de Explotacións Agrarias de Lugo lle informa de que "a persoa beneficiaria incumpre o requisito de ter a condición de agricultor profesional", xa que no seu informe de vida laboral indica que está traballando a tempo completo por conta allea, pese a que está de alta como autónoma na actividade agraria.

O informe indica que as axudas recollen como requisito un mínimo de volume de traballo de 0,5 unidades de traballo agrícola.

A beneficiaria informa á Consellería de Medio Rural da súa situación de baixa por risco para o embarazo, de baixa maternal e da posterior incapacidade temporal por risco para a lactancia natural polo que solicitou unha ampliación por un ano de prazo de incorporación.

Ao estar en suspensión de contrato por baixas non podía cumprir a obriga de redución de xornada por causa de forza maior derivada do embarazo, polo que

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 36331
Data envio: 22/06/2022 11:45:40.273

para a realización do segundo pago debería acreditar o cumprimento do requisito que só podería cumprir como se lle suxería xestionando unha redución de xornada no seu traballo por conta allea .

Derivado destes antecedentes, a Valedora recomendou revisar a resolución coa fin de garantir a seguridade xurídica, comprobando a vida laboral, verificando a suspensión do contrato durante os períodos mencionados e valorando a conveniencia de modificar a interpretación realizada se así o demostraba a documentación achegada.

Ademais, a Valedora do Pobo tamén suxería que este órgano valorase a conveniencia de incluír nas sucesivas bases para a concesión de axudas ou subvencións a perspectiva de xénero, "imprescindible para integrar a lexislación vixente en materia de igualdade real."

Como recolle o informe, as recomendacións non foron aceptadas pola Consellería de Medio Rural, que se ratificou na legalidade do procedemento de reintegro das axudas por "incumprimento" dos requisitos das bases da convocatoria.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia de que a unha moza agricultora se lle denegue unha subvención e o reintegro da percibida derivado da súa situación de baixa por maternidade?
2. E de que a Consellería de Medio Rural se opoña a revisar a resolución tras a petición da Valedora do Pobo?
3. Vai permitir o Goberno galego que se produzan na concesión de axudas e subvencións situacións de discriminación por razón de sexo e de vulneración do dereito á igualdade?
4. Vai a Consellería de Medio rural revisar a resolución?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 36331
Data envio: 22/06/2022 11:45:40.273

5. Vai a Conselleria de Medio Rural incluír nas sucesivas bases para a concesión de axudas ou subvención a perspectiva de xénero, imprescindible para integrar a lexislación vixente en materia de igualdade real?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/06/2022 10:33:03

Noelia Otero Lago na data 22/06/2022 10:33:12

Noa Susana Díaz Varela na data 22/06/2022 10:33:19

Martín Seco García na data 22/06/2022 10:33:29

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 12:17:17
Nº Rexistro: 36334
Data envio: 22/06/2022 12:17:17.439

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A atención sanitaria no Barbanza adoecen de falta de atención por parte da Consellaría de Sanidade, que prexudica esta comarca ao non garantir a cobertura de profesionais. Isto repercute de maneira global en todos os concellos xa que provoca a saturación dos centros de saúde máis próximos.

O Concello de Porto do Son sofre dende hai anos este abandono no seu servizo de pediatría, que funciona de maneira deficitaria ao non cubrir as baixas ou licenzas da súa única profesional. En todo ese tempo as consultas pediátricas foron ás veces atendidas de maneira telefónica e outras unhas poucas horas á semana ata que se resolveu a cobertura da praza vacante.

Mais nestes momentos, cando a pediatra non acode ao centro por causas xustificadas, a veciñanza de Porto do Son ten que ir deambulando dun centro a outro da comarca para ser atendida, moitas das veces convidada a agardar á tarde para poder acudir ao PAC de Ribeira ou desviada a outros centros de saúde nos que os e as profesionais xa se manifestaron contrarios a esta decisión pola imposibilidade de prestar atención pediátrica a máis doentes cos mesmos recursos.

Esta situación de desatención do servizo de pediatría, froito da mala xestión do Sergas, provocou numerosas mobilizacións ao longo destes últimos anos que aínda seguen sen resposta.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como pensa garantir o Goberno galego a axeitada cobertura pediátrica dos nenos e nenas do concello de Porto do Son?

2ª) Cal é a razón de non cubrir as baixas ou licenzas da única pediatra que presta servizo no Centro de Saúde de Porto do Son?

3ª) Vai cubrir o Sergas as ausencias da pediatra do Centro de Saúde de Porto do Son para non causar prexuízo á poboación, que ten que trasladarse a outros centros de saúde próximos para ser atendida?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2022

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 12:17:17
Nº Rexistro: 36334
Data envio: 22/06/2022 12:17:17.439

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/06/2022 16:29:36

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2022 16:29:50

Marina Ortega Otero na data 20/06/2022 16:30:01

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 12:19:24
Nº Rexistro: 36339
Data envio: 22/06/2022 12:19:24.328

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade son problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde e que se agravan se cabe en Galicia dada a nosa dispersión poboacional e as dificultades de infraestruturas e de comunicación no rural. O fortalecemento da atención primaria é, xa que logo, unha necesidade imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación.

Mais a realidade é que nos últimos tempos estamos asistindo a un cada vez maior abandono da atención primaria, nomeadamente nos pequenos núcleos de poboación, poñendo en serio risco a atención sanitaria da veciñanza. A comarca do Barbanza non é allea a esta desatención e precarización do servizo de saúde, sendo xa moitas as advertencias que a este respecto ten realizado o grupo socialista no Parlamento galego sen apenas éxito.

Aos problemas crónicos da atención sanitaria desa comarca arrastrados dende hai anos, co peche recente de centros como os de Taragoña e Cabo de Cruz, súmase agora a ausencia do facultativo no Centro de Saúde de Palmeira (Ribeira), con máis de 1.200 persoas usuarias, xa que o Sergas non está a cubrir a tempo completo a baixa do médico que opera nese centro.

A solución dada polo Goberno autonómico é cubrir esa ausencia, que se prevé longa, cun facultativo do centro de saúde de Ribeira de maneira intermitente: algunhas horas ao día certos días á semana. Iso implica non só un grave prexuízo para as persoas usuarias senón tamén que outros servizos asociados como a enfermaría ou analíticas non se ofrezan ou se faga de maneira intermitente.

Esta situación de desprotección, desatención e abandono levou a que a propia veciñanza se organizase nun movemento de reivindicación, que conta co apoio de entidades en defensa dunha sanidade pública de calidade, así como tamén do grupo municipal socialista, que fai súas as demandas veciñais.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai garantir o Sergas de inmediato a cobertura total do cadro de persoal sanitario que lle corresponde ao Centro de Saúde de Palmeira?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Palmeira está a ser satisfactoria?

CSV: BOPGDSPG-7qknzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 12:19:24
Nº Rexistro: 36339
Data envio: 22/06/2022 12:19:24.328

3ª) Valora o Sergas pechar o Centro de Saúde de Palmeira?

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/06/2022 12:11:34

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2022 12:11:48

Marina Ortega Otero na data 22/06/2022 12:11:59

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36346
Data envio: 22/06/2022 14:13:14.284

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En pleno ano 2022 existe na Catedral de Santiago un botafumeiro exposto ao público que ten incrustado un símbolo de exaltación falanxista. Trátase dun incensario de reserva, non do botafumeiro que se utiliza habitualmente na nave central da catedral.

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36346
Data envio: 22/06/2022 14:13:14.284

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aparentemente trátase dunha peza histórica na que foi incrustado o símbolo falanxista do xugo e as frechas. Este feito é unha clara representación do longo período de convivencia e complicidade da xerarquía católica co golpe de Estado militar e a Ditadura franquista.

Como é sabido, aínda perviven en moitas igrexas galegas inscricións e símbolos de exaltación da guerra e da ditadura franquista. Malia os acordos parlamentares encamiñados á eliminación desta simboloxía, por parte da Igrexa católica non hai un compromiso claro en relación coa supresión destes elementos contrarios aos valores democráticos.

En relación co citado botafumeiro con simboloxía falanxista, existen numerosas testemuñas da celebración de actos de exaltación fascista e falanxista na catedral de Santiago. Así, en xullo de 1943, Ano Xacobeo, celebrouse unha “gran peregrinación de Falange Tradicionalista y de las JONS”, presidida polo Ditador Francisco Franco e toda a xerarquía falanxista.

Desde o BNG consideramos que a exhibición dun símbolo falanxista nun botafumeiro exposto ao público na catedral de Santiago constitúe unha anomalía histórica e un atentado contra os valores democráticos.

Por este motivo, entendemos que o goberno galego debe dirixirse ao arcebispado de Santiago para esixirlle a retirada inmediata deste símbolo de exaltación fascista e falanxista.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36346
Data envio: 22/06/2022 14:13:14.284

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento a Xunta da exposición ao público dun símbolo de exaltación falanxista na catedral de Santiago?

. Que medidas ten previsto levar a cabo o goberno galego para instar ao arcebispado de Santiago a retirar estes símbolo contrario aos valores democráticos?

. Ten previsto a Xunta impulsar, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa católica, a retirada da simboloxía franquista dos templos e outros edificios propiedade da Igrexa?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/06/2022 14:09:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/06/2022 14:10:02

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36346
Data envio: 22/06/2022 14:13:14.284

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2022 14:10:12

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2022 11:08:49
Nº Rexistro: 36364
Data envio: 23/06/2022 11:08:49.278

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os centros de día son recursos sociais dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores e/ou con dependencia, de xeito que son ademais unha valiosa ferramenta de conciliación familiar. Dadas as particularidades poboacionais e xeográficas do noso país, estes centros convértense nun recurso imprescindible en todo o noso territorio pero máis aínda en concellos pequenos do ámbito rural galego por canto presentan uns maiores índices de avellentamento e son as mulleres as que soportan a carga total dos coidados.

É o caso do Concello de Touro no que, dunha poboación total de 3.516 (datos INE, 2019), o 33’7% son maiores de 65 anos. En concreto, 657 mulleres e 530 homes que non dispoñen de ningún recurso social destas características e para o que o Grupo Socialista reclama dende hai anos o establecemento dun centro de día neste concello.

O Partido Popular, que goberna a Xunta de Galicia, incorporaba no seu programa electoral como un compromiso de goberno o “impulso da apertura de casas do maior naqueles concellos galegos que non conten cun centro de día, para lograr que o 100 % do territorio galego conte con servizos de conciliación específicos para o coidado das persoas maiores”.

En resposta a unha pregunta escrita formulada en xaneiro de 2021 por este grupo parlamentario, a Xunta volvía informar da súa intención de pór en marcha máis casas do maior por toda a xeografía galega sen especificar se Touro sería un dos concellos beneficiados. En todo caso, e á vista de que máis dun ano despois a situación segue a ser igual de deficitaria neste recurso de atención ás persoas maiores. Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a necesidade dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro?

2ª) Ten previsto a apertura próxima dun centro de día ou casa do maior no concello de Touro? De ser así, cando?

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2022 11:08:49
Nº Rexistro: 36364
Data envio: 23/06/2022 11:08:49.278

3ª) Cantas casas do maior abriu o Goberno galego nos anos 2021 e 2022 na comarca da Arzúa?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 22/06/2022 13:33:22

Julio Torrado Quintela na data 22/06/2022 13:33:36

Marina Ortega Otero na data 22/06/2022 13:33:47

CSV: BOPGDSPG-7qkznzCHU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2022 12:09:47
Nº Rexistro: 36372
Data envio: 23/06/2022 12:09:47.489

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Pouco despois de que en novembro de 2021 a conselleira de Medio Ambiente visitase a COP26 de Glasgow e a Xunta -adheríndose ao obxectivo da UE e do Estado de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) nun 55 % para o ano 2030- emitise unha nota de prensa co hiperbólico titular de "Galicia entra no liderado do clima a nivel mundial", o Goberno de Galicia anunciou que a nosa comunidade acadara ao peche de 2019 unha redución de emisións do 23,8 % con respecto a 1990. Esta cifra foi tamén defendida en febreiro de 2022 nunha comparecencia da conselleira de Medio Ambiente no Parlamento, sendo elevada o 23 de marzo de 2022 pola propia conselleira a un 35,9 %, esta vez con referencia a 2020, cifras que lle serviron ao Goberno galego para presumir de avanzar cara á neutralidade climática, afirmando a propia conselleira que as emisións galegas representan o 6,8 % do total estatal.

